

Unha carta de Ramón Piñeiro

No ano 1969, con motivo da publicación dun dos seus libros, o Profesor José Antonio Miguez mantivo unha entrañable correspondencia epistolar co que logo sería, chegada a democracia, o primeiro Presidente do Consello da Cultura Galega, o chorado escudriñador da "saudade" e ilustre pensador e escritor galego, Ramón Piñeiro.

Gracias á amabilidade do Profesor José Antonio Miguez, podemos publicar agora no *Anuario Brigantino* unha daquelas cartas na que Ramón Piñeiro abre ó amigo o seu espírito, sempre cordial e xeneroso, como firme crente no valor da Xustiza, da Verdade, da Bondade e da Beleza.

Velai, reproducida, a citada carta:

RAMON PIÑEIRO LOPEZ
SALMIRÉZ, 18-A.^o
SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27-XII-69

Sr. D. José Antonio Miguez
Avd^o de La Argentinita, 15-2^a
BETANZOS.

Meu querido amigo Miguez:

Chegáronme a sua carta e maña "Introducción a Platón" cando unha doenza gripal bastante endiañada me obligaba a gardar cama por terceira vez. Semella que a melloría actual é máis firme e confío en non ter novas recaídas.

Polas suas cartas peritas que escribíu con amor o seu libro sobre a historia do xornalismo satírico e vexo que auga con elegante serenidade a renuncia a unha publicación inmediata. Creíame que nada me gustaría tanto nosta ocasión como poder facer algo positivo pola publicación do libro. Si tal oportunidade se me presenta, farémo con mimo, con moiñino gusto.

A sua "Introducción a Platón", que lle agradeço moi sinceramente, acompañause intimamente nos longos e maís悠ous da recente convalecencie. Foi un gosto tan profundo como intenso ir recorrendo - guiado por man segura - os corredores do pensamento helénico que conflúan

en Platón. Todo no interesantísimo período inicial da Filosofía aparece exposto con claridade e frescura admirables. Dáselle, meu amigo, varias horas de util emoción.

Tens que a sua plena e radical adicación á Filosofía teinalle creado unha situación de súa deza ambiental. Sí, fan sei que un filósofo verdadeiro ama - e máis prezia - a súa deza e máis silencio, porque é na silenciosa súa deza onde se "nace" a voz das ideas. Pro, con todo, o filósofo é un ser humano e, como tal, algo maior que pura meditación. Prezia convivir e compartir as avelas humanas co demais homes. Na medida en que sinte a necesidade de crear a súa deza ambiental, caso de que a houbier, reixa que a súa libélula cultural galega ten as portas abertas de par en par para todos os espiritos que crean no valor da Xustiza, da Verdade, da Bondade, da Beleza ...

Desexándolle que o novo ano sexa xeneroso en venturas curiosas e en xer, reiba unha cordial aperte do seu amigo

Ramón Piñeiro